# BATALLANDO CONTRA OS ESTEREOTIPOS

Contra os estereotipos
Estamos a loitar
a violencia de xénero
ten que rematar... xa!

Rapazas e rapaces
queremos ser iguais
en oportunidades
que ninguén sufra máis

Os nenos non choran!
Pois vaia patraña!
Eu choro, nós choramos
Porque nos dá a gana

Cando escoites a frase:
corres coma unha nena
Non cales, reacciona!
E cruza primeiro a meta.

Se alguén che fai dano
ou non te quere ben,
dá media volta
e colle outro tren.

As nenas ao fútbol
Non poden xogar
Xogo ao que me peta
Anda e déixame en paz

Ti non podes gobernar
como teño que vestir
Eu quero decidir
como debo (de) vivir

Fóra os estereotipos
Canto dano fan!
Respecta e convive
Todas/os libres e iguais